



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 38 | Febreiro de 2021 | PRECIO 2 EUROS

Feijóo visitou as obras
da nova planta de
Hijos de Carlos Albo,
na Plisan de Salvaterra

Páxina 4

Candidatura do Mestre
Rogelio Groba aos
Premios Princesa de
Asturias das Artes

Páxina 7

Ponteareas intégrase
no Eixo Atlántico

Páxina 7

O Concello licita
as obras de
acondicionamento do
cámping A Freixa

Páxina 8

As Neves avanza nos
traballos de limpeza do
convenio con Seaga

Páxina 11

David Regades, Delegado do
Estado na Zona Franca de Vigo

**"Investir en Zona
Franca de Vigo é
unha aposta segura,
é investir en futuro"**

Páxinas 2 e 3



Portugal - Alto Minho

Aprovado o projecto
do novo mercado e
envolvente
de Viana do Castelo

Páxina 12

Manifestação pelo
encerramento da
fronteira em
Ponte da Barca

Páxina 14

Câmara Municipal de
Valença e Cáritas
celebran protocolo

Páxina 15

Governo vai mesmo
avaliar a exploração
de lítio na
Serra d'Arga

Páxina 16



ENTREVISTA

■ Por Roberto Mansilla

David Regades, Delegado do Estado na Zona Franca de Vigo

"Investir en Zona Franca de Vigo é unha apostase segura, é investir en futuro"

David Regades Fernández (Vigo, 1973) é desde 2019 o Delegado do Estado na Zona Franca de Vigo. Tamén ocupa o cargo de secretario do PSdeG en Pontevedra. Nesta entrevista para A Peneira-Novas do Eixo

Atlántico, Regades repasa a actualidade da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, proxectos como o AVE Lisboa-Vigo, a situación da PLISAN e o plan estratégico para a comarca do Condado-Paradanta, entre outros temas.



1. Comencemos coa pandemia da COVID-19 e os seus efectos económicos. Como está logrando a Zona Franca de Vigo acometer esta "nova realidade"?

Na Zona Franca somos moi conscientes do papel que deben desenvolver as institucións públicas para axudar a paliar os efectos adversos desta pandemia. No último Comité Executivo acordouse bonificacións de alugueiros en aplicación das medidas contempladas no artigo 1 da Real Decreto-lei 35/2020, do 22 de decembro, de medidas de apoio ao sector turístico, a hostalería e o comercio e en materia tributaria. Antes do 31 de xaneiro, os autónomos ou pemes arrendatarios de inmobles do Consorcio cuxa actividade se viu suspendida ou cuxa facturación se reduciu polo menos nun 75%, poderán solicitar ao Consorcio ben unha redución do 50% da renda durante o tempo de vixencia do estado de alarma e ata 4 mensualidades posteriores, ou ben unha moratoria no pago da renda durante o tempo de vixencia do estado de alarma e ata 4 mensualidades posteriores. O pago aprazado da renda deste período poderase realizar nun período de dous anos.

2. Cales son as iniciativas da Zona Franca para seguir impulsándose como o principal motor industrial do sur de Galicia?

Coido que, tras un ano complicado, é o momento de subir a velocidade de Zona Franca para lanzar novos proxectos que reforcen a actividade económica e os sectores estratégicos. Por iso, os investimentos que redactamos para este 2021 superarán os 59 millóns, boa parte en parques e polígonos como a ampliación de Balaídos, Bouzas, Porto do Molle, Plisan, ampliación do PTL e A Pasaxe, que suman todos xuntos 18 millóns de euros; aos que hai que engadir o investimento na nova sede de Areal, de 2,8 millóns; 1,5 millóns para o edificio do World Car Center, cuxa obra se prevé iniciar en 2021; 4,1 para a Panicadora ou 3,6 millóns de actuacións en eficiencia enerxética en parques empresariais. Esa inversión primeiramente dará traballo directo na construcción das infraestruturas que, unha vez feitas, impulsarán o crecemento e instalación de empresas.

3. Tamén está o AVE Lisboa-Porto-Vigo para 2030. Como observa a decisión do goberno portugués de consideralo

como "prioritario"?

Eu son un convencido para importancia da Eurorrexión como un espazo de oportunidades para situarnos nun escenario de crecente globalización e internacionalización da economía. Galicia e Norte de Portugal conforman un territorio de seis millóns e medio de habitantes, con lazos históricos que favorecen calquera fórmula de cooperación interterritorial. O tren é o elemento idóneo para mellorar a loxística de persoas e mercadorías diante dos mercados europeos. O eixo Vigo-Porto tense que fortalecer más pronto que tarde. Xa, o enlace con Lisboa é unha cuestión do goberno portugués.

4. Sobre Bouzas, cal é a posición da Zona Franca ante a actual disputa entre a Autoridade Portuaria e o Concello de Vigo co respecto á ampliación dos peirao?

Dende a Zona Franca compartimos que non é o momento de máis recheos na Ría. Este é un mar interior, unhas augas limitadas entre costas riquísimas en recursos pesqueiros e espazos para o lecer das persoas. Calquera necesidade de actuación


que se expoña necesaria para o desenvolvemento económico debe ser medida e meditada e, si se pode resolver sen danar o medio ambiente, está claro que, diante das xeracións vindoiras, é a nosa responsabilidade facelo escrupulosamente e a forma na que ten que adaptarse e modernizarse a terminal de Bouzas para ser máis competitiva e eficaz.

5. Podería a PLISAN aliviar esa carga de traballo do Porto de Vigo?

A PLISAN naceu como "porto seco" e foi medrando no deseño inicial até chegar a ser o maior polígono industrial de Galicia. A súa vocación é claramente industrial e loxística e precisamente, por ser loxística clara que pode ser un piar fundamental para aquelas mercadorías que non



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

necesitan moverse en tempos cortos de carga e descarga portuaria.

6. Falouse tamén da posibilidade de establecer na PLISAN unha Zona Franca así como dunha estación ferroviaria para a carga e descarga de mercadorías que enlazaría coa vía férrea Vigo-Madrid. Existen áinda esas posibilidades?

A Plataforma Loxística estase a construír como unha gran superficie de terreo dotada de conexións para o transporte intermodal, de instalacións de almacenaxe, ruptura, concentración e distribución de carga relacionadas co comercio internacional. Na zona máis próxima ao Miño en breve albergará un área loxística intermodal de concentración de terminais ferrocarril-carreteira para operadores loxísticos e de transporte, incluso con centros loxísticos de empresa (con actividade compatible de transformación). O ter acceso directo desde a liña Vigo - Ourense e conexión directa co Porto de Vigo é una das grandes vantaxes da PLISAN. A cualificación como área coas características especiais de "zona franca" a valoraremos segundo nos manifesten as compañías as súas necesidades empresariais.

7. Acaba de acordar co alcalde da Cañiza, Luís Piña, a elaboración dun plan estratéxico sobre a Cañiza e o seu entorno de Condado e A Paradanta. Que posibilidades ve nesa promoción estratégica?

Co alcalde, Luís Piña, acordamos realizar primeiramente un traballo de análise, que nos permitirá establecer os mecanismos necesarios para a toma de decisiones. Será ese traballo quen nos dea as claves estratégicas para tomar as decisións más acaídas coa comarca. O coñecemento científico que nos aporte o devandito estudio, que non só analizará a economía, o tecido empresarial e a situación social ou tecnolóxica, senón tamén a repercusión da crise do Covid na Cañiza. O estudio será un proceso participativo e, por iso, non só estará a visión dos expertos senón que tamén vai participar a economía da Cañiza para recompilar opinións, percepcións e ideas de axentes e entidades público-privadas relevantes sobre a situación actual e os retos futuros. Tamén se estudarán casos de éxito, modelos similares no mundo, "para traer eses exemplos nacionais ou internacionais que podan ser inspiradores". E, desde logo, está claro que non comezaríamos esta andaina sen verlle potencial á comarca.

8. Conservas ALBO ven de reunirse coa alcadesa de Salvaterra do Miño para ultimar a súa presenza na PLISAN. Non obstante, eran palpables os retrasos nas comunicacións coa PLISAN para o asentamento de empresas, un factor

importante para o impulso do emprego na zona de Condado/Paradanta. Como observa vostede esta situación?

Cando tomei posesión do cargo, atopeime un enorme proxecto do que dependía os novos asentamentos industriais de toda Galicia Sur completamente paralizado. Igual que todos os veciños e veciñas do Baixo Miño pensei que iso era inaceptable e traballei arreo para ir desatascando a maraña administrativa na que estaba inmersa a PLISAN. Do que pasou antes non vou volver falar, o único que quero salientar é que hoxe temos urbanizadas as parcelas da primeira e da segunda fase da zona loxístico-empresarial. En total son 900.000 metros dos que son útiles uns 450.000 na primeira fase, e outro tanto na segunda. Coa instalación das primeiras empresas vemos xa rematado un longo proceso e que permitirá dispoñer de mellor parque loxístico-empresarial da Eurorexión.

9. Estos retrasos na PLISAN, poden supoñer un despilfarro orzamentario que afecte a concreción do proxecto do polígono industrial?

En absoluto. Cada euro invertido será un xermolo de novas empresas e postos de traballo. Deixemos de pensar naqueles vinte anos de parón e agora poñamos a vista e o esforzo en salientar diante dos mercados exteriores as vantaxes que se abren neste área.

10. Finalmente, fronte "aos saldos de terreos" que os portugueses poñen no mercado constantemente, cre que o PORTO SECO (PLISAN) poderá algún día ser un foco de riqueza importante para a zona e para Galicia? .

Na primeira oferta pública de venda da Plisan acadouse o compromiso de uso de parte do 20% do chan disponible, ese é un magnífico resultado do que poucos polígonos poden presumir. A nosa política non é saldar nada, é poñer á disposición das empresas as mellores infraestruturas dotadas cos mellores servizos. Si compramos alta gama tecnolóxica non podemos comparar con tecnoloxía madura. Isto o entende calquera e que conste que non quero dicir que os polígonos portugueses sexan de baixa calidade, porque son correctísimos, quero dicir que a PLISAN ten todas as características para ser o mellor lugar para a instalación de empresas de distintos ámbitos de producción que busquen una perfecta localización para producir no sur de Europa e ter conexión coas redes do comercio mundial. Por iso, a rendibilidade media por traballador dos polígonos de Zona Franca chega a acadar un 30% máis que a media dos polígonos existentes. Investir en Zona Franca de Vigo é unha aposta segura, é investir en futuro.

A vía catalana



Hai que observar con lupa os resultados das eleccións catalanas deste 14F. O independentismo catalán segue a ser a forza maioritaria, con ERC (33 escanos) como auténtico epicentro de poder, toda vez verase moderado polo PSC (33) Junts per Catalunya, JxCAT (32) e a CUP (9) conforman con ERC ese bloque independentista, que supera con creces os 68 escanos para a maioría absoluta, acelerando a posibilidade dun tripartito soberanista.

O resto dos resultados definen un escenario de atomización políticamente estéril, aínda que con algunas claves interesantes. En perspectiva política, estas autonómicas catalanas teñen unha incidencia máis forte en Madrid que na propia Generalitat.

Porque son varios os que saen gañando e algúns os que perden. Vexamos por partes. Os gañadores, obviamente, ERC e JxCAT, acompañados pola CUP. Os estandartes dun procés que ten calado fondo na sociedade catalana, pero que hoxe vese incerto no tempo. Os partidos que mais presos políticos deron durante este período, hoxe están a piques de formar goberno na Generalitat. Pero tamén hai un gañador oculto, convidado de pedra deste proceso: VOX, con 11 escanos, da un salto cualitativo inesperado na política catalana.

No bando dos derrotados, obviamente, Cidadáns e o PP, testemuñas da desfeita da dereita "españolista" en Cataluña, superados ampliamente por VOX, que buscará ser o "primus inter pares" dunha dereita a piques de desaparecer no escenario catalán.

Se ben obtivo os mesmos escanos que ERC (33), o PSC de Salvador Illa vese contrariado no seu obxectivo, o

cal era unha aposta persoal de Pedro Sánchez para "moderar" ou ben sepultar o procés. A aposta foi gris, desabrida, pero poder ter aínda os seus efectos nesta tirapuxa de fórmulas de goberno que se abre en Barcelona, con incidencia en Madrid.

Porque o 14F catalán é un aviso de navegantes para Madrid. Xa no editorial anterior comentárase desa cita electoral decisiva para a política estatal que supoñían estas autonómicas catalanas. A vía catalana está claramente definida: o soberanismo manda, e ten capacidade e peso político suficiente para "ditar" as súas directrices de cara á Moncloa.

Con todo, está por ver se haberá na Generalitat un tripartito independentista ERC-JxCAT-CUP ou se, polo contrario, asistimo ao seu homólogo de esquerdas, con ERC, PSC e o "universo Podemos", moi tocado política e electoralmente. Os "cantos de serea" de PSC e Podemos cara ERC para formar goberno son significativos neste sentido. O bipartito da Moncloa tamén quere a Generalitat, e é posible unha reedición do mesmo, tomando en conta os intereses políticos. Pero a presión por conformar un histórico tripartito independiente é cada vez máis forte, e quizais termine sendo probable.

A clave está en que medida esta vía catalana con ERC como principal baluarte ten capacidade para impulsar e revitalizar unha especie de "segundo procés" neste escenario "post-procés" de 2017, hoxe xa superado. Escenario incerto e complexo, precisamente pola presión da Moncloa. As sinais electorais e políticas dende Barcelona van claramente dirixidas a Madrid á hora de reconfigurar o mapa político estatal. Sánchez debe tomar nota desta "nova" vía catalana.

**REFORZO ESCOLAR·IDIOMAS·TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOXÍA·TERAPÉUTICA·TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS**

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e Bachillerato

MATRÍCULA GRATUITA

Reveriano Soutullo, 3 - TB
Ponteareas / 654 07 5751

CONDADO/PARADANTA

Salvaterra de Miño

Feijóo visitou as obras da nova planta de Hijos de Carlos Albo, na Plisan de Salvaterra

A Xunta declarou o proxecto de Albo como iniciativa empresarial prioritaria, o que permitiu reducir á metade os trámites administrativos

O pasado 12 de febreiro, o presidente do goberno galego, Núñez Feijóo, visitou en Salvaterra, as obras da nova planta de "Hijos de Carlos Albo", na Plisan e animou aos concellos a conceder licencias exprés para atraer inversión á comunidade.

A "Lei de simplificación administrativa e reactivación económica" terá como obxectivo a simplificación dos procesos administrativos e está previsto que o Parlamento Galego a aprube este mes. Deste xeito, garantirá a seguridade xurídica o que lle dará máis confianza aos inversores. "Estamos falando de cambiar a cultura administrativa, eliminar

as trabas burocráticas e acompañar ás empresas nas súas iniciativas",

Esta nova lei recollerá tamén un proceso más áxil para as autorizacións administrativas de instalacións eléctricas e a consolidación dos beneficios fiscais para as zonas rurais.

Feijóo destacou a aposta de Hijos de Carlos Albo por Galicia, cunha nova planta sobre case 63.000 metros cadrados para encausado e esterilización, con capacidade de producción de ata 100 toneladas por día, o que supón o mantemento de 200 postos de traballo e a creación de 25 novos, cunha inversión de 29 millóns de euros. Un proxecto que demostra que esta



plataforma loxística industrial, a maior bolsa de solo industrial coa que conta Galicia, con tres millóns de metros cadrados de superficie, resulta atractiva para as empresas.

Por outra banda e para apoiar as inversións, se crea a Oficina Reactiva Galicia, unha oficina que actuará de fiesta única, realizando un seguimento dos trámites dun proxecto, sexan da Xunta ou dun

concello adherido. Dentro deste organismo inclúese o servizo Doing Business e a ferramenta Igape Responde, para aclarar dúvidas e informar sobre convocatorias e axudas.

O Concello de Salvaterra de Miño aproba inicialmente o seu Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais

O Pleno do Concello aprobou a finais do 2019 a adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

En base a este convenio elaborase por parte da Consellería do Medio Rural o Plan municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Salvaterra de Miño que se aprobou provisionalmente no día 25 de xaneiro e que estará durante un prazo de vinte días hábiles a exposición pública para a presentación de reclamacións e alegacións.


Neste documento determinánanse as faixas secundarias de xestión de biomasa, segundo establece a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nunha franxa de 50 metros:

A. Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

B. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, campings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

C. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

D. Nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas,



gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

Salvaterra contratará a 18 persoas a través do Plan Concellos

O Concello de Salvaterra de Miño ven de solicitar, a través da liña 3 de emprego do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, a contratación de 18 persoas por un importe de máis de 170.000,00€ para os postos de fontaneiro, conductor de camión, peóns de limpeza, barreiro, peóns da construcción, mozos para recoillida do lixo, oficial albanel, monitor sociocultural, informadores turísticos e cobrador, que se incorporarán progresivamente dende o mes de marzo ata decembro.

A duración dos contratos terán un máximo de 10 meses de duración. Por un lado a través desta contratación búscase xerar emprego e por outra banda reforzar os diferentes departamentos municipais como poden ser obras, turismo e cultura.

SALVATERRA DE MIÑO

Os dez de Salvaterra. A nosa memoria

En memoria de: Antonio Alfonso Domínguez, Vicente Domínguez Villar, José Domínguez González, José Macías Gutiérrez, Etevino Tielas, José González Montero, Manuel Romero Márquez, Manuel Eiró Estévez, José da Silva González e Antonio Martínez Soto.

Estes nomes corresponden a 10 veciños de Salvaterra que foron condenados á pena de morte en consello de guerra celebrado en Vigo o día 6 de febreiro de 1937, como autores dun delito

de rebelión. Foron fusilados, segundo se estableceu no escrito de execución, ás 11 da mañá do día 24 do mesmo mes nas inmediacións do castelo do Castro (Vigo). O certificado médico acredita que os reos presentan signos certos de indudable morte, como resultado dunha "intensa hemorragia interna". Foron soterrados sen pompa, nin solemnidade no cemiterio de Pereiro.

Cabe destacar aquí pensamentos que temos por escrito nunha carta que un deles, José Domín-

guez González, dirixe á súa noiva Angelina de Leirado: "Una circunstancia trágica me arrebata la vida en lo mejor. Nada han valido los esfuerzos hechos, ni la defensa, pues todo estaba previsto de antemano" "el proceso de Salvaterra el más innoble, el más injusto de todos cuantos se han llevado a cabo en el que pereceremos inexorablemente diez compañeros valientes y abnegados que saben ofrendar la vida por una causa noble, justa y humana". E como remate algo que reflece

a força mental e a dignidade destas persoas: "Nada hay tan vello ni tan sublime cuando se muere con la conciencia del deber cumplido".

A día de hoxe coa perspectiva histórica que nos dá o paso do tempo non cabe máis que reafirmar as palabras de José Domínguez González; todos eles seguiron as ordes dadas polo alcalde Manuel Mariño Méndez na defensa da legalidade vixente. Non foron fusilados por requisar armas, intentar cortar a comunicación a Salvaterra por estrada ou ferrocarril senón polas súas ideas socialistas e comunistas

sendo definidos nos atestados coma individuos peligrosos, perniciosos e propagandistas e por pertencer ao sindicato "Oficios Varios" de Salvaterra.

Non pasará moito tempo no que os veciños e veciñas de Salvaterra teñamos un lugar físico onde poidamos pagar a débeda de facer un recoñecemento público a todas estas persoas para conseguir que todo isto non quede no esquecemento e así estes feitos non se volvan a repetir. Será O Espazo da Nosa Memoria.

Neste 24 de febreiro de 2021, na vosa lembranza o noso ramo.

Por Ángel López Méndez

PONTEAREAS

A decisión da Xunta de sancionar a ampliación da Escola Infantil do ano 2006 leva ao Concello a suspender o uso de dúas aulas

O governo municipal de Ponteareas informou das súas decisións en relación á polémica ampliación da Escola Infantil realizada no ano 2006 e que supuxo a posta en marcha de dúas aulas sen autorización da Xunta de Galicia.

A concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, lembrou que "dende 2006 e durante 14 anos a Xunta tolerou o funcionamento desas dúas aulas con pleno coñecemento de que carecían da súa autorización". Durante todos esos anos, "a Xunta non abríu ningún expediente sancionador e so requirió ao Concello a legalizar a ampliación. Até 2015 o governo de González Solla recibiu oito requerimentos, non fixo nada e non foi capaz de redactar un proxecto de legalización das aulas válido". Segundo Carrera, o governo do BNG-PSOE recibiu un único requerimento en 2018 e "en menos de seis meses fomos capaces de redactar e presentar un proxecto que foi aceptado pola Xunta a comezos de 2019". O goberno explica que o proxecto

cifrou en 350.000 euros o custo das obras para solucionar o erro cometido en 2006 e nun ano a duración das obras. Ademais, tanto a redactora do proxecto coma os responsábeis da Xunta indicaron ao Concello que durante ese ano de obras toda a Escola Infantil, é dicir, 6 aulas máis para 82 nenos e nenas, debe pechar.

"Ponteareas non pode permitirse un ano coa escola infantil pechada. Por iso optamos por aprazar a execución do proxecto de legalización ao intre no que Ponteareas conte coa nova Escola Infantil prevista. Só nese caso poderemos trasladar o alumnado e executar as obras", aclara Verónica Carrera. A concelleira explica que "por ese motivo decidimos agardar até que o pasado mes de decembro, sorpresivamente, a Xunta abríu un expediente sancionador tras 14 anos sen facelo e permitindo o uso das aulas".

A sanción imposta e xa pagada polo Concello ascendeu a 1.800 euros, "unha ridiculeza ao lado dos 320.000 euros malgas-

tados polo anterior goberno nunhas obras ilegais", conclúe Verónica Carrera.

O PSOE pídelle á Xunta que suspenda o expediente

A parlamentaria socialista Paloma Castro presentou unha serie de iniciativas parlamentarias para reclamarlle á Xunta que tome a iniciativa para resolver as irregularidades nas obras, "respostas que pasen pola asunción das competencias que lle son propias, como a titularidade e xestión da escola infantil, ou a colaboración económica nas obras para adaptar á legalidade o proxecto de ampliación".

A parlamentaria socialista pediu ao goberno galego que suspenda o procedemento sancionador ata que se actualicen as obras de ampliación, que no seu día foron encetadas de forma irregular. Reclamou ademais ao goberno galego que "rescate do caixón" o proxecto de nova escola infantil ou Galiña Azul no parque forestal Ferro Ucha.

ACIP denuncia que o Concello cobrou ilegalmente 90.000€ en imposto de plusvalías

Juan Carlos G. Carrera, voceiro de Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACIP), denunciou que, segundo o informe do ORAL, entre 2018 e 2019, o goberno BNG-PSOE cobrou ilegalmente aos veciños case 90.000€ en imposto de plusvalías que os veciños non tiñan que haber pagado.

Lembrou que no 17 de novembro de 2017 no pleno modificouse a ordenanza fiscal de Plusvalías, para non cobrar aos veciños cando deixan aos seus fillos vivenda e propiedades.

Dita ordenanza modificouse a proposta de ACIP, e co apoio dos demais grupos, e o goberno local "escondeu no caixón e non a publicou para que non entrase en vigor". A pesares das denuncias realizadas por ACIP, esta decisión do goberno municipal provocou graves consecuencias para os veciños, que deberon pagar un imposto que non lles pertencia.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Traducción e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foropeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foropeneira@gmail.com

Diseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Concello adquire terreos en tres parroquias para novos equipamentos sociais

O Concello de Ponteareas vén de mercar catro parcelas para destinalas a incrementar os equipamentos culturais e sociais das parroquias de Arnoso, Bugarín e Xinzo. Os terreos están situados a carón ou na contorna das Casas e Centros culturais destas parroquias.

No caso de Arnoso adquiríuse a única finca sen edificar que limita coa Casa Cultural e polo tanto a única posibilidade de ampliar os terreos na súa contorna. A intención do Goberno Local é adicar esta parcela a ampliar as instalacións da Casa Cultural para que conte cun salón de actos acorde coa parroquia xa que o tamaño do actual correspondece co dunha aula da antiga escola. En Bugarín a parcela mercada limita co Centro Cultural e converterase nun espazo de xogos infantís e outros usos sociais. Finalmente no caso de Xinzo tratase de dúas parcelas situadas na contorna do Centro Cultural que teñen como finalidade a construción dun parque infantil. Nesta parroquia o Goberno Local ten abertas



Casa Cultural de Arnoso.

xestións coa propiedade doutras parcelas lindantes para completar os terreos que se precisan para esta finalidade.

Os prezos de adquisición foron fixados mediante valoración realizada pola arquitecta municipal a partir dos prezos establecidos oficialmente pola Xunta de Galicia, sumando un total de 41.878 euros cunha extensión conxunta de 2.806 m². O alcalde, Xosé Represas, agradeceu a boa disposición de todos os propietarios e propietarias para facilitar esta adquisición para o patrimonio municipal a esos prezos mesmo inferiores aos de mercado en libre concurrencia.

Xosé Represas salientou que "este investimento financiado con fondos propios é un novo exemplo da boa saúde económica da que goza o Concello de Ponteareas tralo saneamento económico realizado no anterior mandato. Nos últimos anos Ponteareas adquiriu novo patrimonio, coma dúas edificacións na Praza Maior e propiedades en parroquias coma a de Piás e agora nestas tres parroquias. Tras décadas cun Concello arruinado que era incapaz de adquirir patrimonio para novos servizos públicos agora temos un Concello con capacidade para afrontar estes importantes investimentos".

Ponteareas abre o novo aparcadoiro público da rúa Alexandre Bóveda con 32 prazas de estacionamento

O Concello de Ponteareas abríu ao público o novo aparcadoiro ubicado na rúa Alexandre Bóveda, facendo esquina coa rúa Redondela, e cunha superficie de case 1.000 m² e 32 prazas de estacionamento.

Os traballos de acondicionamento foron realizados polo Concello con recursos propios e consistiron na preparación e compactación do terreo, instalación dun peche perimetral e valado con barreira vexetal, ademais da sinalización informativa correspondente. O firme do aparcadoiro é de zahorra e non permite o pintado das prazas, pero o Concello procedeu á sinalización temporal con cal para que os usuarios poidan coñecer a distribución das prazas para aproveitar



ao máximo o espazo con comodidade e seguridade.

O concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, salientou que "esta actuación supón un novo avance para atender a demanda de aparcadoiros en Ponteareas, que se une á recente ampliación do aparcadoiro de Granitos de Galicia e que continuarán co novo aparcadoiro de Sarmiento Rivera". Na actualidade Ponteareas conta con 11 amplos aparcadoiros gratuitos e un privado de pagamen-

to que suman máis de 700 prazas de estacionamento a moi poucos minutos camiñando de calquera lugar da vila. Mera animou á veciñanza a "deixar os coches nos aparcadoiros e desprazararse camiñando nunha vila que reúne condicións óptimas para andar. Temos un centro urbano radial, sen costas, onde é moi dade moverse a pé e onde todo está moi preto e non é preciso levar o coche até a porta do noso destino".

Ponteareas terá a súa web para promover o comercio local




e a planificación de estratexias empresariais adaptadas ao novo contexto.

Segundo a Concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, "esta plataforma escaparate para o comercio de Ponteareas está pensada para facilitar aos comercios a mellora do seu posicionamento online. O sitio web contará inicialmente con 58 establecementos divididos en catro categorías: comercio, servizos, alimentación e hostalería. O proyecto é totalmente gratuito.

Esta plataforma forma parte do plan "Dixitaliza o teu negocio", que incluí os pasados meses plans de formación e asesoramento individualizado para os comercios de Ponteareas

O Concello licita a construcción da rampla peonil, pavimentación e valado da terraza do Centro Cultural de Ribadetea



O Concello de Ponteareas vén de licitar a execución da pavimentación e valado da terraza do Centro Cultural de Ribadetea, así como dunha rampla peonil de acceso á mesma.

As obras foron licitadas cun orzamento total de 43.676,24 euros, íxe incluído.

O obxecto desta actuación, segundo indicou o concelleiro de Cultura, Fernando Groba, é "complementar o acceso ao Centro Cultural de Ribadetea me-

diante unha rampla á fronte da edificación, proporcionando ademais un acceso directo exterior á cafetería e á terraza a través desta pasarela metálica, sen necesidade de acceder ao salón de actos. Isto facilitará tamén a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida". O edil nacionalista sinalou que tamén se procura "dotar á terraza dunha maior seguridade coa instalación dunha varanda, ademais da súa pavimentación e impermeabilización".

A Xunta propón a candidatura do Mestre Rogelio Groba aos Premios Princesa de Asturias das Artes

O Concello de Ponteareas amosa a súa satisfacción diante da candidatura do Mestre D. Rogelio Groba Groba aos Premios Princesa de Asturias das Artes 2021, e fai público o seu apoio ante o que consideran un merecido e xusto recoñecemento.

Rogelio Groba Groba, fillo pre-dilecto de Ponteareas xa recibiu

o Premio Xunta de Galicia da Cultura (1992), a Medalla Castelao (1995) e o Premio Cultura Galega de Música (2011). Algunhas das súas obras foron interpretadas por formacións de gran prestixio como a London Symphony Orchestra, a Orquestra de Cámara de Stuttgart, a Orquestra Sinfónica de Galicia, o Coro Gäthinger ou

London Voices.

Ponteareas homenaxeas cada ano ao Mestre co Festival Groba e conta cunha rúa co seu nome. Neste último ano, o Concello en colaboración coa Fundación Rogelio Groba e coa Deputación de Pontevedra ten editado dous libros que enxalzan e difunden a figura e vivencias do Mestre ponteareán.

O Partido Popular de Ponteareas tamén se sumou a está candidatura e presentou unha moción ao Pleno da Corporación Municipal para que todas as forzas políticas a secunden.

A Banda de Música Xuvenil de Xinzo, apoia esta iniciativa e en palabras do seu presidente Francisco Jesús Represas, dí que "Este premio sería para Rogelio Groba o colofón e gran recoñecemento a toda a súa trayectoria artística".

Inés Rey, como alcaldesa da Coruña e como presidenta do Consorcio para a Promoción da Música, apoia tamén a candidatura. Groba deixou pegada na Coruña ao dirixir durante máis de 20 anos a Ban-



da-Orquestra Municipal da Coruña e o Conservatorio Superior, fundando ademáis a Orquestra do Conservatorio Superior de Música da Coruña e mais a Orquestra de Cámara Municipal.

Ponteareas intégrase no Eixo Atlántico

Vázquez Mao: "As estratexias de futuro de Ponteareas foron determinantes na súa incorporación ao Eixo Atlántico"

Alcaldesa en funcións, Cristina F. Davila e o Secretario Xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vázquez Mao, compareceron en rolda de prensa para facer pública a integración de Ponteareas no Eixo Atlántico aprobada pola súa asemblea xeral.

Vázquez Mao, salientou que o Eixo Atlântico decidiu incorporar a Ponteareas á vista das mudanzas que a localidade ven experimen-

tando nos últimos anos baseadas nunha planificación estratégica que ten como obxectivos a sustentabilidade ambiental, a cohesión social, a reforma urbana ou a mobilidade. O Secretario Xeral exemplificou eses cambios en iniciativas como a rede de calor con biomasa e lembrou que "ao Eixo Atlántico vense a promover a interrelación entre cidades, a aprender pero tamén a ensinar

iniciativas de futuro como as emprendidas en Ponteareas".

Cristina F. Davila, fixo fincapé nas potencialidades de Ponteareas pola "posición territorial estra-téxica e privilexiada na que nos atopamos, a nosa condición de concello de referencia no Condado Paradanta que suma máis de 60.000 habitantes, a proximidade con Portugal e coa zona costeira galega e portuguesa e o noso



papel de nexo de unión entre a franxa atlántica e o interior". Explícou que Ponteareas "quere converterse en referente de vila cun modelo de crecemento organizado e planificado, baseado no desen-

volvimento sostíbel que ten como pedra angular a estratexia "Ponteareas hábitat saudábel" que conta co apoio dos Fondos de Desenvolvemento Rexional, FEDER, da Unión Europea".

The header banner features the town's name "PONTEAREAS" in large white letters at the top left. To the right, the logo for "PONTEAREAS CONCELLO" is displayed. Below this, a blue banner contains the text "O teu Comercio" in large blue letters, flanked by several positive adjectives: "Cercanía", "Veciñanza", "Emprego", "Comodidade", "Sustibilidade", "Calidade", and "Variedade". To the right of the text is a photograph of a stone arch bridge over a river. At the bottom right, a white box contains the hashtag "#FaiPonteConNós".

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Comezan as obras de ensanche e mellora da vía A Cova-Cañoteira, As Cortellas

A concellaría de Vías, Obras e Alumbrado, que dirixe Chus Garrote, informa que nesta semana comezan os traballos de mellora da vía A Cova-Cañoteira no lugar de As Cortellas.

Estas obras contan cun orzamento de 168.438€ financiados con fondos propios a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

En resposta á demanda veciñal, as obras dotarán dunha axeitada accesibilidade a esta zona facendo posible o acceso de todo tipo de servizos.

Ata o día de hoxe moitos dos servizos tiñan dificultade para pasar en determinados puntos deste tramo xa que o camiño existente apenas permite o paso dun vehículo lixeiro non sendo

suficiente para o acceso de vehículos de emerxencias, entre outros.

Logo da obtención dos permisos pertinentes e da colaboración da veciñanza na cesión dos metros precisos, a concellaría executará traballos de ensanche, colocación de muros, mellora da drenaxe mediante a execución dun colector e sumidoiros e posterior asfaltado.

Tamén se pavimentará outro



treito do camiño para dar continuidade ás pistas asfaltadas.

Esta intervención sumase á longa lista de ensanches e asfaltados de camiños de terra como as xa

realizadas en Santa Cruz, Ribadetea; en Cillarga; A Urcela, Cristiñade; en Guillade; en Duca, Santiago de Oliveira ou Outeiro de Castro, en Fozara, entre outras moitas.

O Concello de Ponteareas licita as obras de acondicionamento do camping A Freixa

O Concello de Ponteareas vén de licitar as obras de mellora e acondicionamento do camping A Freixa.

Os traballos consisten na reparación de instalacións eléctricas e de fontanaría, a reparación dos acabados interiores e exteriores, a adecuación dos vestuarios e a cafetaría, a reposición de elementos danados e o suministro de electricidade e auga potábel. As actuacións, licitadas por un importe de 70.493,62 euros, serán financiadas a través do Plan Concellos da Deputación.

A concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, sinalou a impor-



tancia desta reforma "como un paso imprescindible para poder sumar este espazo aos múltiples

atractivos cos que conta Ponteareas para o tempo de lecer da nosa veciñanza e visitantes".

PP Ponteareas critica a non ampliación do Servizo de Axuda ao Fogar

O Grupo Municipal do PP lamentou que o Goberno local non retirase da orde do día a contratación dun "servizo tan esencial" como a Axuda no Fogar para aumentar o número de horas que contén o actual expediente de licitación e contratación, ata como mínimo as 87.750 horas anuais que subvenciona a Xunta.

Denunciou igualmente a "falta de sensibilidade" dun goberno municipal que "é capaz de pagar a unha empresa privada un 40% mais polo mesmo traballo, pero



non é capaz de aportar tres euros por hora máis, ata cubrir a demanda total, que lle suporía ao Concello 100.000 euros ao ano".

Colexio plurilingüe La Inmaculada

Premio 2017 á Excelencia Educativa
Dende 1905 en Ponteareas

■ Aula matinal de 7:30 a 9:00
■ Comedor de 14:00 a 16:00

Tlf: 986 640 065
www.colexioinmaculada.com

ABERTO O PRAZO DE ADMISIÓN
do 1 ao 22 de marzo

En marcha o proceso de musealización do Castelo de Sobroso

A Deputación de Pontevedra da un novo paso cara a esperada musealización do Castelo de Sobroso ao aprobar, en Xunta de Goberno, o expediente de contratación cara a adxudicación do proxecto, que conta cun orzamento de máis de 300.000 euros.

A previsión do ente provincial é que as actuacións estean rematadas ao longo deste verán, dotando con elas ao castelo dun equipamento museográfico actual e potenciando o seu atractivo acorde coas tendencias da demanda turística.

Este ambicioso proxecto mergullará ás persoas visitantes na historia da fortaleza apoiándose nas tecnoloxías audiovisuais do século XXI. Deste xeito, a Deputación apostou por un modelo turístico baseado nas experiencias cunha ruta dunha hora de duración e con grupos reducidos que poderá realizarse en galego,



castelán ou inglés. Durante o percorrido as e os visitantes coñecerán a historia do castelo a través de sete pezas audiovisuais e a súa visita rematará co acceso á terraza, que estará equipada con atríos con imaxes panorámicas para permitir identificar todos os filtros e elementos da paisaxe.

O Castelo de Sobroso é un gran atractivo turístico da nosa provincia, que foi visitado en 2020 por preto de 11.000 persoas pese aos peches e as restriccions

derivadas da situación sanitaria. De feito, 3.500 destas visitas tiveron lugar entre xuño e agosto sumando máis que as realizadas durante o verán de 2019. Ademais, tras o confinamento, a Deputación integró Sobroso no programa "Re-acción nos castelos", que levou á fortaleza música, danza, teatro e obradoiros para nenas e nenos, enchendo o espazo de contido cultural seguro e esgotando todas as prazas disponibles.

ACIP demanda medidas urgentes da ponte que une as parroquias de Padróns e Fozara

ACIP presentou unha moción ao pleno deste mes para que se tomen medidas urgentes na ponte de construcción medieval situado sobre o río Borbén, protexida como un ben catalogado en Patrimonio.

A balaustrada esta derrubada na súa gran mayoría pola agresión de paso de camións e maquinarias de gran tonelaxe. Agora mesmo non se pode garantir o paso normal dos vehículos por a falta de situación da balaustrada.

O Concello incumpe o mantenemento dos elementos de Patrimonio e realiza obras sen autorización. Na ponte do Cabalón na Parroquia de Angoares, realizou obras furando as pedras da ponte sen permiso de Patrimonio. Estamos pendente de sanción.

Na moción presentada, ACIP urxe a toma de varios acordos, como prohibir o paso de camións e maquinaria pesada, realizar un estudo da situación da ponte e



redactar un proxecto de restauración da mesma, coa inclusión de prazo de execución das obras.

O remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
